

José Carou Rey: «Todo autor aspira a facer de carne e óso os seus personaxes»



[ANTÓN RIVEIRO COELLO](#) **BARBANZA**



ABRALDES

Cualifica o cine como «a arte total en sentido wagneriano» José Carou Rey Profesor de Filosofía e escritor

25 nov 2023.

Ao pé dun café, coa praia de Barraña no horizonte, converso con este profesor que vén de saír dunha das súas clases. Home tranquilo e sensible, de trato afable, responde con fondura a primeira pregunta sobre a importancia da escrita.

Considereirei sempre que se un libro non deixa unha pegada no lector, se non cambia un chisco a súa vida ao facelo reflexionar acerca do mundo no que nos toca vivir ou dunha cuestión máis ou menos concreta, a escrita non paga a pena. Aínda que a novela se converta nun *best seller*.

Os dous poemarios do autor rianxeiro que hoxe entrevisto, os seus relatos e a súa novela *Desvelando a Ademar Escambia* cumpren o requisito de obrigar a repensar o sentido da existencia.

—Cales foron as primeiras lecturas? En que instante localizas no recordo os inicios da pulsión creadora?

—Despois dos primeiros contos infantís, as primeiras novelas que lin foron *Robinson Crusoe*, *As viaxes de Gulliver*, *O derradeiro dos mohicanos* e, de Stevenson, *A illa do tesouro* e *O estraño caso do Dr. Jekyll e Mr. Hyde*. Conservo eses exemplares, son alfaias coas que aínda de neno comecei a miña educación sentimental e literaria. Regaláramos meu pai. Sempre foi un gran lector. A súa influencia abriume as portas da ficción e da fabulación. A partir de aí, comecei a bosquejar en libretas invencións, relatos e biografías de personaxes ficticios que vencían perigos e resolvían misterios.

—A cinefilia constitúe parte moi importante da túa obra. Ata que punto ser crítico de cinema imprime un cariz máis visual na túa escrita?

—Facer cine é un milagre. Sacar adiante un proxecto cinematográfico autoral, apartado da industria vencellada ao consumo de flocos de millo, supón hipotecalo todo a cambio dun soño. Para min, o cine é a arte total en sentido wagneriano. Ver películas, revisar os clásicos unha e outra vez e intentar ir unha ou dúas veces por semana ao cine (preferiblemente a aqueles que non son unha atracción máis dos grandes centros comerciais) permíteme respirar a pleno pulmón, ver do outro lado dos espellos que reflicten unha cotiandade que sempre acaba escravizándonos e mutilando calquera impulso de creatividade. A miña literatura é moi visual, como ben dis. Sen pretendelo. Non me sae, nin ambiciono, facelo doutro xeito.

—Pode ser *Desvelando a Ademar Escambia* o mellor exemplo disto do que estamos a falar?

—Si, esa novela é unha homenaxe ao cinema. Un xogo entre realidade e ficción. Tratei de construír unha trama que fose lida en celuloide, intentando transmitir a sensación de estar sentado na butaca dunha sala de cine.

—Sempre aclaras que es profesor de filosofía antes ca escritor? Imaxino que non te refires só a que ese sexa o teu traballo. Canto hai de certo nesta afirmación?

—Para min é unha certeza incuestionable. Escritoras ou escritores de verdade hai moi poucos. Cunqueiro, Rosalía, Rulfo... por poñer só algúns exemplos. O resto somos eternos aprendices dun oficio inabarcable, buscadores, xente que nos deixamos levar pola imaxinación e polos enredos da métrica e da sintaxe na teima de perfilar uns protagonistas sempre en movemento, afanándonos en lles conferir unha voz interior que lles sexa propia. Todo autor aspira a facer de carne e óso os seus personaxes, a darlles de respirar un ar de autenticidade. Acabamos véndoos detidos nos seus autos diante de semáforos en vermello, preguntándose que decisións deben tomar para saír adiante un día máis sen traizoarse demasiado a si propios.

Se algo dá sentido á miña vida, se algo son, é a paixón pola filosofía e polas clases co alumnado. Aprendo deles cada día, da súa espontaneidade, das novidasas e intelixentes

interpretacións que fan do que eu consideraba asuntos xa resoltos. Traballar con eles é un agasallo, un espazo sempre sorprendente, lonxe de convencionalismos e seguridades. O pensamento crítico que van construíndo día a día faime ver o mundo con ollos novos e ilusionados. Aos meus alumnos pasados e presentes débollles a intensa sensación de sentirme autenticamente vivo.

—E que les agora?

—Ademais de toda a literatura galega contemporánea que cae nas miñas mans, sigo desfrutando de Juan Benet, Clarice Lispector, Camus, Cormac McCarthy, Foster Wallace, Virginia Desportes, Cortázar, Virginia Woolf... Imposible citalos a todos. E cada ano aparecen catro ou cinco obras escritas por autores ou autoras descoñecidos ou noveis que desde algún lugar do planeta redefinen estilisticamente a arquitectura do porvir literario. Se en algo creo, é na secuencial explosión de talento das escritoras e escritores máis novos.

Frustrado saxofonista de jazz

José Carou Rey (Rianxo, 1969) é profesor de Filosofía, pero sente con forza que a felicidade podería ter sido outra se tocase o saxo tenor nun grupo de jazz. «Son saxofonista afeccionado. Calquera que lea *O perseguidor*, de Julio Cortázar, saberá que falo desa marabilla que acadan os profesionais talentosos e virtuosos da música: transcender o mundo feito exclusivamente de palabras e máis palabras. O meu nivel nunca alcanzou. Confórmome con pechar os ollos e escoitar a Coltrane, ou volver unha vez máis á película de Bertrand Tavernier, *Arredor de medianoite*».

Se cadra o destino fixo que perdésemos un músico, mais gañamos un escritor que nos deu novelas interesantes como *Desvelando a Ademar Escambia* (Premio Antón Avilés de Taramancos, 2019) e *O bebedizo de Lúa* (premiada no Lueiro Rey, 1997), ou tamén o inclasificable *Relatos da incorrección* (2021), así como os libros de poemas *Hemisferio auga* (2021) e *Diorama* (Galaxia, 2021), unha sucesión fílmica de poemas que se van proxectando no noso inconsciente coa luz íntima dos sonhos e que se cadra naceron da súa outra grande afección, o cine, onde fixo crítica para *Sermos Galiza*, *Diario de Arousa* e *Cinemadición*, amais de achegas interesantes para este suplemento.

Galardóns

Recibiu, entre outros galardóns, o Francisco Fernández del Riego (1996), o Faustino Rey Romero (1999), o Viadutos (2000) e o Premio de Narracións Curtas Modesto R. Figueiredo por *Afán e infortunio dos días estragados* (2018).

Nestes días, Galaxia tira do prelo a súa última obra, unha novela titulada *O libro secreto da filosofía*, que talvez tamén teña algo da Historia da Filosofía. «Escribina para contaxiar o amor aos libros e ao mundo do saber á rapazada dos derradeiros cursos de primaria e da secundaria. É unha novela de aventuras, de viaxes no tempo. Tamén unha aproximación á importancia do pensamento dos filósofos e filósofas occidentais que escollín desde a amenidade. Escribina con paixón. Escribina para chegar á xente nova o namoramento no que caín cando comecei a entender de que ía o xogo da filosofía. Agradezo o traballo editorial —en sentido pleno— de Francisco Castro, así como a fortuna de contar coas ilustracións de Sara Valcárcel».